

EXPEDIENTE Nº: 2021/TRIBUNAL/000001

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR DE MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS (QUENDA LIBRE) INCLUÍDA NA OEP 2020

## RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓN PRESENTADAS AO PRIMEIRO EXERCICIO (TIPO TEST).-

Reunido o tribunal cualificador, o 22/02/21, dáse conta pola secretaria do tribunal dos escritos de alegacións presentados polas persoas aspirantes que de seguido se sinalan contra determinados aspectos, que a continuación se expoñen, do cuestionario tipo test no que consistiu o primeiro exercicio do proceso selectivo.

O tribunal cualificador á vista das reclamacións, por unanimidade, fai as seguintes consideracións:

-Reclamación formuladas polos aspirantes Inés Mera Rico, en data 16/02/2021 (registro de entrada 2021006217), Luis Rodríguez Fero, en data 16/02/2021 (registro de entrada 2021006203), Carlos Sobrino Suarez en data 18/02/2021 (registro de entrada 2021006524), Santiago Narciso López Fontán, en data 18/02/2021 (registro de entrada 2021006577), Jose Magdalena Nogueira, en data 18/02/2021, (registro de entrada 2021006576).

Solicítase por Ines Mera Rico e por Luis Rodríguez Fero a anulación da pregunta número 37 do cuestionario tipo test, en base ás razóns xustificadas nos seus escritos de alegacións.

O enunciado da pregunta nº 37 do cuestionario no que consistiu o primeiro exercicio foi o seguinte:

**37.- De conformidade co Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos da construción e demolición:**

- a) O posuidor de RDC debe incluír no proxecto de execución da obra un estudo de xestión de residuos
- b) O produtor de RDC está obrigado a presentar á propiedade un plan que reflecta como se desenvolverán as súas obrigas en relación ao RDC que se vaian a producir na obra
- c) O plan ao que se fai referencia no apartado b) será aprobado pola dirección facultativa e aceptado pola propiedade e pasará a formar parte dos documentos contractuais da obra
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

A resposta dada por este tribunal como correcta é a c). Ambos aspirantes consideran que ningunha das opcións é correcta.

Este Tribunal considera que:

-a opción a) considérase incorrecta toda vez que segundo o artigo 4 do Real decreto 108/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos da construción e demolición, corresponde ao produtor de residuos incluír no proxecto de execución da obra un estudo de xestión de residuos;



- a opción b) considérase incorrecta posto que segundo o art. 5 do citado real decreto, é competencia do posuidor de RDC a presentación dun plan que reflicta como se desenvolverán as súas obrigas en relación aos residuos da construción e demolición que se vaian producir na obra;
- a opción c) fai referencia ao plan que reflicta como se desenvolverán as obrigas en relación aos residuos da construción e demolición que se vaian producir na obra. De conformidade co artigo 5 do Real decreto 108/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos da construción e demolición, este plan será aprobado pola dirección facultativa e aceptado pola propiedade e pasará a formar parte dos documentos contractuais da obra. En consecuencia, esta resposta considérase correcta
- a opción d) non resulta correcta toda vez que as opcións a) e b) son erróneas.

En base ao exposto, o tribunal acorda desestimar as alegacións presentadas polos recorrentes.

Solicítase por Ines Mera Rico a anulación da pregunta número 42, en base ás razóns xustificadas no seu escrito de alegacións.

O enunciado da pregunta nº 42 do cuestionario no que consistiu o primeiro exercicio foi o seguinte:

**42.- Cal das seguintes actuacións nos contornos de protección dun ben do patrimonio arqueolóxico de Galicia precisa autorización previa en materia de patrimonio:**

- a) Reparación do mobiliario urbano mantendo o material, a solución formal e construtiva e os acabamentos existentes
- b) Os traballos de limpeza de bens inmobles, espazos libres, vías públicas ou bens artísticos localizados neles que non contén cunha protección cultural individualizada
- c) A reparación de materiais de pavimentación de vías urbanas ou espazos públicos mantendo os existentes en actuacións de carácter non xeral
- d) As reparacións e reposicións de peches de leiras que empreguen os materiais, técnicas e solucións construtivas tradicionais orixinais dos elementos en que se intervén ou a construción de novos peches segundo os modelos que poidan definirse desde a Xunta de Galicia

O Tribunal deu por correcta a resposta d). A aspirante considera que varias opcións poderían ser correctas.

Este Tribunal considera o seguinte:

A Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 231 do 05.12.2017) veu a desenvolver o criterio de interpretación sobre o réxime de autorizacións en materia de protección do patrimonio cultural e, dunha forma concreta, que actuacións de entre as que poidan propoñerse sobre bens inmobles protexidos polo seu valor cultural ou, de ser o caso, nos seus contornos de protección ou zonas de amortecemento, non requiren da autorización previa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por non suporen afección ningunha nin poren en risco os valores culturais protexidos.

A Instrución resulta de aplicación para as intervencións, entre outras, en bens inmobles e espazos públicos localizados nos contornos de protección dos bens catalogados ou declarados bens de interese cultural.



No punto cuarto da devandita instrución indícanse as actuacións nos contornos de protección dos bens inmobles protexidos polo seu valor cultural que non precisan de autorización previa en materia de patrimonio.

Entre as actuacións que non precisan a devandita autorización figuran:

- Reparación do mobiliario urbano mantendo o material, a solución formal e construtiva e os acabamentos existentes [*punto cuarto, apartado 2.j) da Instrución*].
- Os traballos de limpeza de bens inmobles, espazos libres, vías públicas ou bens artísticos localizados neles que non contén cunha protección cultural individualizada [*punto cuarto, apartado 2.k) da Instrución*].
- A reparación de materiais de pavimentación de vías urbanas ou espazos públicos mantendo os existentes en actuacións de carácter non xeral [*punto cuarto, apartado 2.i) da Instrución*].
- As reparacións e reposicións de peches de leiras que empreguen os materiais, técnicas e solucións construtivas tradicionais orixinais dos elementos en que se intervén ou a construción de novos peches segundo os modelos que poidan definirse desde a Xunta de Galicia, agás no caso dos contornos de protección dos bens do patrimonio arqueolóxico [*punto cuarto, apartado 2.g) da Instrución*].

De acordo co establecido na Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 231 do 05.12.2017), as actuacións das respostas a), b) e c) da pregunta non precisan autorización previa, con todo a actuación da resposta d) se precisa autorización por tratarse dun ben do patrimonio arqueolóxico de Galicia.

*Polo tanto, este Tribunal acorda desestimar a alegación formulada en relación coa pregunta n.º 42 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo.*

Solicítase por Ines Mera Rico e por Luis Rodríguez Fero a anulación da pregunta número 102, en base ás razóns xustificadas nos seus escritos de alegacións.

O enunciado da pregunta nº 102 do cuestionario no que consistiu o primeiro exercicio foi o seguinte:

**102.- Os criterios de axente do modelo EFQM céntranse nos seguintes aspectos:**

- a) Liderazgo
- b) Empregados
- c) Resultados clave
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

O Tribunal deu por correcta a resposta a). Os aspirantes consideran que varias opcións poderían ser correctas.

Este Tribunal considera o seguinte:

- a pregunta 102 forma parte das preguntas de reserva propostas polo tribunal de conformidade co establecido nas bases que rexen a presente convocatoria
- a pregunta fai referencia aos criterios de axente do modelo EFQM, polo que a resposta c) non resulta correcta posto que se trata dun criterio de axente e non dun criterio de resultado. En consecuencia, a opción d) tampouco resultaría correcta.



Respecto ás opcións a) e b), tanto nas fontes consultadas como nas referencias polos aspirantes, como criterio de axente cítanse literalmente: liderazgo, política e estratexias, persoas, alianzas e recursos e procesos. Pero non consta empregados. En consecuencia, a opción b) non se considera correcta.

Polo tanto, este Tribunal acorda desestimar as alegacións formuladas en relación coa pregunta n.º 102 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo.

Solicítase por Luis Rodríguez Fero a anulación da pregunta número 82 por ter un contido imposible, en base ás razóns xustificadas no seu escrito de alegacións.

O enunciado da pregunta nº 82 do cuestionario no que consistiu o primeiro exercicio foi o seguinte:

**82.- A hixienización completa do compost acádase no rango de temperaturas:**

- a) Aerofílicas
- b) Psicrofílicas
- c) Mesofílicas
- d) Termofílicas

O Tribunal deu por correcta a resposta d)

Este Tribunal considera o seguinte:

- Segundo establece a definición de compost na Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados: é unha enmenda orgánica obtida a partir do tratamento biolóxico aeróbico e termófilo dos residuos biodegradables recollidos de forma separada...". Unha das cualidades fundamentais do compost para a súa aplicación é que **debe ser hixenizado e esta hixienización conséguese desenvolvendo temperaturas adecuadas para as bacterias termófilas** como consecuencia da calor producida biolóxicamente en condicións predominantemente aeróbicas. Segundo o Regulamento da UE 2019/2009 e CE 11074/2009, os perfís de variación de temperatura no interior da masa a compostar será de 70°C durante 3 días como mínimo, 65º durante 5 días, 60 durante 7 días ou 55º durante 14 días. Para acadar estes perfís de temperatura é necesario contar coa achega proteica da carne e peixe nos composteiros tal como indica o artigo da publicado pola Universidade de Navarra na revista científica Waste Management titulado "*Meat waste as feedstock for home composting: effects on the process and quality of compost*" (Journal homepage: [www.elsevier.com/locate/wasman](http://www.elsevier.com/locate/wasman)).
- Respecto á apreciación ligüística de temperatura termófila, a pregunta fala de **rango de temperaturas termofílico**, non de temperaturas. Así mesmo, existe na literatura existente sobre o tema emprego do termo "termofílico" en múltiples ocasións e artigos tanto referíndose a temperaturas, como procesos e mesmo respecto a bacterias. Por outra banda, o termo empregado, aínda sen entrar en discusións filolóxicas é o suficientemente claro para entender a pregunta e ubicar a situación exposta.

*Polo tanto, este Tribunal acorda desestimar a alegación formulada en relación coa pregunta n.º 82 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo.*



Solicítase por Carlos Sobrino Suarez a corrección da resposta número 47. O aspirante considera que a resposta correcta é a b) en base ás razóns xustificadas nos seus escrito de alegacións. Este Tribunal considera que a resposta correcta é a a).

A pregunta nº 47 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo é do tenor literal seguinte:

*“Segundo a normativa do planeamento municipal do Concello de Pontevedra a efectos de urbanización e ordenación do sistema viario urbano distínguense os seguintes tipos de vías:*

- a) Vías arteriais, travesías de núcleos rurais, vías primarias e vías secundarias*
- b) Distribuidores principais, distribuidores de distrito, distribuidores locais e rúas de acceso*
- c) Vías arteriais, vías colectoras, vías locais e vías especiais*
- d) Vías tipo I, vías tipo II, vías tipo III e vías tipo IV”*

O artigo 68 da normativa do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Pontevedra (PXOU), aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas o 18 de decembro de 1989, cuxas Normas Urbanísticas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia n.º 27 do 2 de febreiro de 1990, establece unha xerarquía viaria a efectos de localización das vías e da función e servizo que prestan que coincide cos tipos de vías indicados polo alegante.

Con todo é o artigo 99 da devandita normativa urbanística o que establece os tipos de vías aos efectos da urbanización e ordenación do sistema viario urbano.

O artigo 99 é do tenor literal seguinte:

*“Art. 99. Tipos de vías.*

*A los efectos de la urbanización y ordenación del sistema viario urbano se distinguen cuatro tipo de vías:*

- a) Vías arteriales, que son las avenidas urbanas y tramos de carreteras, en zona urbana, de acceso a Pontevedra que forman parte de la red arterial.*
- b) Travesías de núcleos rurales que son los tramos de carretera que atraviesan el suelo urbano de los núcleos rurales.*
- c) Vías primarias, que son las que figuran en el plano 0-5, Modelo de Red Viaria, como distribuidores de distrito.*
- d) Vías secundarias, que son las que configuran en el Modelo de Red Viaria como distribuidores locales junto a las calles de acceso.”*

De acordo co establecido no artigo 99 da normativa do plan os tipos de vías, aos efectos de urbanización e ordenación do sistema viario urbano segundo a normativa do PXOU, correspóndense coa resposta da letra a) da pregunta n.º 47 e non coa resposta da letra b).

Polo tanto, este Tribunal acorda desestimar a alegación formulada en relación coa pregunta n.º 47 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo.

Este aspirante tamen solicita unha estimación de tempo de duración da segunda proba así como o xeito de celebración da mesma. A este respecto cabe informar o seguinte. O chamamento realizarase ás 10:00h tal e como foi publicado no anterior anuncio. Todos os opositores están convocados a esa hora no Pazo da Cultura, r/ Alexandre Bóveda s/n. Planta Baixa. A proba será conxunta e cunha estimación aproximada de 4 horas a contar dende o comezo da mesma.

Solicítase por Santiago Narciso López Fontán o seguinte:

A anulación da pregunta número 21. Considera que debería ser anulada en base ás razóns xustificadas no seu escrito de alegacións.



O enunciado da pregunta nº 21 do cuestionario no que consistiu o primeiro exercicio foi o seguinte:

**21.- De conformidade coa Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de avaliación estratéxica ordinaria, o prazo máximo para a elaboración do estudo ambiental estratéxico e para a realización da información pública e das consultas previstas nos artigos 20,21,22 e 23 desta lei, será de:**

- a) 3 meses, desde a notificación ao promotor do documento de alcance
- b) 6 meses, desde a notificación ao promotor do documento de alcance
- c) 9 meses, desde a notificación ao promotor do documento de alcance
- d) 1 ano, desde a notificación ao promotor do documento de alcance

O Tribunal considera correcta a resposta c).

Este Tribunal considera o seguinte:

En relación á pregunta núm.21 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo cómpre sinalar, que segundo o establecido no Título I da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, sección 1.ª, Procedemento da avaliación ambiental estratéxica ordinaria para a formulación da declaración ambiental estratéxica, artigo 17.3), o prazo máximo para a elaboración do estudo ambiental estratéxico e para a realización da información pública e das consultas previstas nos artigos 20,21,22 e 23 desta lei será de 9 meses desde a notificación ao promotor do documento de alcance. En consecuencia, a resposta correcta é a c).

Polo tanto, este Tribunal acorda desestimar a alegación formulada en relación coa pregunta n.º 21 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo.

En relación á pregunta número 25 considera que a resposta correcta é a d) en base ás razóns xustificadas nos seu escrito de alegacións.

O enunciado da pregunta nº 25 do cuestionario no que consistiu o primeiro exercicio foi o seguinte:

**25.- De conformidade coa Lei 10/2008, do 3 de novembro, as actividades de xestión de residuos urbanos realizadas directamente polos concellos:**

- a) Están suxeitas á autorización administrativa previa do órgano competente en materia de medio ambiente da Comunidade Autónoma
- b) Non están suxeitas á autorización administrativa previa do órgano competente en materia de medio ambiente da Comunidade Autónoma
- c) Deberán ser notificadas ao órgano competente en materia de medio ambiente para a súa inscrición no Rexistro de Produtores/as e Xestores/as de Residuos.
- d) As respostas b) e c) son correctas

Este Tribunal considera o seguinte:

En relación á pregunta núm.25 do primeiro exercicio tipo test é preciso indicar: segundo o art. 37.4 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, as actividades de xestión de residuos urbanos realización directamente polos concellos ou entes locais non está suxeitas o réxime de control previo previsto neste artigo. En consecuencia, a opción b) é a correcta.



Polo tanto, este Tribunal acorda desestimar a alegación formulada en relación coa pregunta n.º 25 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo.

En canto a pregunta 54 o alegante estima que a pregunta está mal formulada e que debería ser anulada.

A pregunta n.º 54 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo é do tenor literal seguinte:

*“En que prazo o concello poderá requirir a reparación de deficiencias que presente a documentación dun acto de edificación suxeito ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, segundo a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:*

- a) Dentro dos dez días naturais seguintes á comunicación*
- b) Dentro dos dez días hábiles seguintes á comunicación*
- c) Dentro dos quince días naturais seguintes á comunicación*
- d) Dentro dos quince días hábiles seguintes á comunicación”*

*Este Tribunal considera que:*

O artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia refírese ao procedemento para a tramitación das comunicacións previas.

O punto 2 do devandito artigo é do seguinte teor literal:

*“2. Dentro dos quince días hábiles seguintes á comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a reparación das deficiencias que presente a documentación, adoptando neste caso, motivadamente, as medidas provisionais que entenda oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable, comunicándoas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.*

*Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.”*

De acordo co establecido no artigo 146.2 Lei 2/2016 sobre procedemento para a tramitación das comunicacións previas considérase que a pregunta está ben formulada, xa que se pregunta polo prazo establecido na devandita lei para que o concello poda requirir a reparación de deficiencias que presente a documentación dun acto de edificación suxeito ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, sendo a resposta correcta a letra d) da pregunta.

O alegante indica que do artigo non se deduce que o Concello non poda requirir a subsanación de deficiencias transcorrido dito prazo.

A lei non establece en ningún caso que transcorrido o prazo de quince días hábiles poda requirir a reparación de deficiencias que presente a documentación dun acto de edificación suxeito ao réxime de intervención municipal de comunicación previa. O que di é que cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.



*Polo tanto, acórdase desestimar a alegación formulada en relación coa pregunta n.º 54 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo.*

En relación á pregunta número 75 o alegante considera que a resposta correcta é a d) en base ás razóns xustificadas no seu escrito de alegacións.

A pregunta nº 75 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo é do tenor literal seguinte:

***De acordo co artigo 102 da Lei 2/2011, de 4 de marzo de Economía Sustentable, indica cal destas afirmacións é certa:***

*a) Actualmente a concesión de calquera axuda ou subvención á entidade local incluída na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e destinada ao transporte público urbano, condicionarase a que a entidade beneficiaria dispoña do correspondente Plan de Mobilidade Sustentable e á súa coherencia coa Estratexia Española de Mobilidade Sustentable*

*b) A partir do 1 de xaneiro de 2022, a concesión de calquera axuda ou subvención á entidade local incluída na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e destinada ao transporte público urbano, condicionarase a que a entidade beneficiaria dispoña do correspondente Plan de Mobilidade Sustentable*

*c) A partir do 1 de xaneiro de 2022, a concesión de calquera axuda ou subvención á entidade local incluída na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e destinada ao transporte público urbano, condicionarase a que a entidade beneficiaria dispoña dunha estratexia coherente coa Estratexia Española de Mobilidade Sustentable*

d) Ningunha afirmación é correcta

O alegante estima que a resposta a) non corresponde co tenor literal ni co disposto no art 102 da ley 2/2011, xa que dito artigo está redactado con outra fórmula, e se refiere a un periodo transitorio e que na actualidade non pode estar condicionada a existencia que é previa a calqueira tramitación de dita axuda.

O Artigo 102 é do seguinte tenor literal:

*“A partir del 1 de enero de 2014, la concesión de cualquier ayuda o subvención a las Administraciones autonómicas o Entidades locales incluida en la Ley de Presupuestos Generales del Estado y destinada al transporte público urbano o metropolitano, se condicionará a que la entidad beneficiaria disponga del correspondiente Plan de Movilidad Sostenible, y a su coherencia con la Estrategia Española de Movilidad Sostenible.*

Na pregunta non se enxuiza cal afirmación reproduce o artigo literalmente, se non cal das afirmacións se axusta a norma que establece o artigo.

Actualmente, no ano 2021, é vixente o indicado no artigo. Asemade na resposta a), se recolle a condición coincidente co recollido no artigo: que a concesión de calqueira axuda ou subvención do destino indicado, se condiciona a que a entidade beneficiaria dispoña tanto do correspondente Plan de Mobilidade Sustentable como á súa coherencia coa Estratexia Española de Mobilidade Sustentable, polo que a resposta a) é certa segundo o indicado no artigo citado.

Polo tanto, este Tribunal acorda desestimar a alegación formulada en relación coa pregunta n.º 75 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo.

No tocante a pregunta número 84 o aspirante considera que a resposta correcta é a c) en base ás razóns xustificadas no seu escrito de alegacións.

A pregunta nº 84 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo é do tenor literal seguinte:





**84.- Cal das seguintes afirmacións é incorrecta respecto ao emprego do compost?**

- a) Aumenta a dispoñibilidade de nitróxeno e fósforo nos solos
- b) Diminúe a dispoñibilidade de potasio e ferro nos solos
- c) Inactiva os residuos de praguicidas
- d) Inhibe o crecemento de fungos

Este Tribunal considera que:

A resposta b) é a correcta xa que o emprego de compost aumenta a dispoñibilidade de K e Fe nos solos.

Respecto á afirmación de que o emprego de compost inactiva os posibles residuos de praguicidas pódese consultar: Rojas Rodríguez, R. *Desarrollo de métodos para la reducción de la contaminación por plaguicidas en aguas subterráneas mediante la adición de residuos orgánicos a los suelos*. Tesis Doctoral. Escuela Técnica Superior de Ingenieros. Dpto. de Ingeniería Química y Ambiental. Universidad de Sevilla.

Na citada tese afirmase e demóstrase:

*“Las consideraciones anteriores han determinado la realización de esta Tesis Doctoral en la que se pretende desarrollar técnicas que permitan reducir la contaminación de las aguas subterráneas por estos compuestos. Para lograrlo, se propone el **empleo de residuos orgánicos como enmiendas de suelo para promover la adsorción de plaguicidas a los mismos**, al enriquecerlos con materia orgánica. Con ello se consigue, además, mejorar las propiedades agrícolas del suelo, a la vez que se favorece la actividad microbiana y, por ello, la **degradación biológica de los plaguicidas adsorbidos**.*

*En esta Tesis Doctoral se han seleccionado para su estudio a 10 plaguicidas (atrazina, alacloro, clorpirifos, clorfenvinfos, ciproconazol, endosulfán sulfato, lindano, simazina, tetraconazol y trifluralina). [...]*

*También se han seleccionado a 9 residuos orgánicos para el tratamiento de los suelos (serrín, estiércol de pollo, orujillo, compost de lodos de depuradoras, cascarilla de arroz, cáscaras de pipas, **compost de residuos sólidos urbanos**, restos de desmotadoras de algodón y ecoproteína). Estos residuos orgánicos son abundantes, fáciles de obtener y transportar y no representan peligro para el medio ambiente.*

*[...]*

*Los resultados obtenidos indican que **la adición de residuos orgánicos al suelo aumenta la capacidad de adsorción de plaguicidas del mismo. La cinética de adsorción de los plaguicidas es de segundo orden, primando las reacciones químicas entre moléculas frente a la concentración de plaguicida.**”*

Non nos estendemos máis na análise das investigacións relacionadas coa inactivación de residuos de praguicidas mediante adición de compost aos solos xa que consideramos que esta tese e a bibliografía citada nela avalan a resposta indicada polo Tribunal.

Polo tanto, este Tribunal acorda desestimar a alegación formulada en relación coa pregunta n.º 84 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo.

No tocante a pregunta número 93 o aspirante considera que a resposta correcta é a a) en base ás razóns xustificadas no seu escrito de alegacións.

A pregunta nº 93 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo é do tenor literal seguinte:



**93.- No caso máis xeral, levas tempo funcionando co teu composteiro doméstico e na túa casa xeras moitos restos de peixe. Que debes facer para conseguir un funcionamento óptimo do proceso?:**

- a) Depositálos nos contedores da rúa e nunca no composteiro doméstico
- b) Depositálos no composteiro doméstico e engadir restos vexetais (estruturante) máis do habitual, removelos moi ben e non regar
- c) Depositálos no composteiro doméstico e engadir restos vexetais (estruturante) menos do habitual para que non cheire mal
- d) Levalos a un depósito de residuos incontrolado

Este Tribunal considera que:

A resposta b) é a correcta polo seguinte:

- Nun caso xeral, o contido de humidade dos restos de peixe é moi elevada polo tanto a opción de regar é, tomada nun xeito práctico, desaconsellable. A opción da necesidades de rego é remota ou inexistente.
- Falamos da existencia dun composteiro doméstico e nunca afirmamos da existencia ou non de composteiros de rúa. A resposta a) non ten sentido e é unha resposta “imposible” xa que o que se nos pide xestionar é o noso composteiro doméstico.
- Segundo establece a definición de compost na Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados: é unha enmenda orgánica obtida a partir do tratamento biolóxico aeróbico e termófilo dos residuos biodegradables recollidos de forma separada...”. Unha das cualidades fundamentais do compost para a súa aplicación é que debe ser hixienizado e esta hixienización conséguese desenvolvendo temperaturas adecuadas para as bacterias termófilas como consecuencia da calor producida biolóxicamente en condicións predominantemente aeróbicas. Segundo o Regulamento da UE 2019/2009 e CE 11074/2009, os perfís de variación de temperatura no interior da masa a compostar será de 70°C durante 3 días como mínimo, 65º durante 5 días, 60 durante 7 días ou 55º durante 14 días. Para acadar estes perfís de temperatura é necesario contar coa achega proteica da carne e peixe nos composteiros tal como indica o artigo da publicado pola Universidade de Navarra na revista científica Waste Management titulado “*Meat waste as feedstock form home composting: effects on the process and quality of compost*” (Journal homepage: [www.elsevier.com/locate/wasman](http://www.elsevier.com/locate/wasman)).

Polo tanto, este Tribunal acorda desestimar a alegación formulada en relación coa pregunta n.º 93 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo.

Solicítase por Jose Magdalena Pereira a corrección da pregunta número 30 posto que considera que a resposta correcta é a d) en base ás razóns xustificadas no seu escrito de alegacións.

A pregunta nº 30 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo é do tenor literal seguinte:

**30.- Segundo o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, o valor do illamento a ruído aéreo da fachada dunha actividade de ximnasio en horario de 07:01 a 23:00 debe ser:**

- a)  $\geq 50B$



- b)  $\geq 45\text{dB}$
- c)  $\geq 40\text{dB}$
- d)  $\geq 35\text{dB}$

Na plantilla do exame deuse como resposta correcta a c).

A vista das alegacións este Tribunal considera que:

En relación á pregunta núm.30 do primeiro exercicio tipo test cómpre sinalar: segundo o Anexo do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, o illamento a ruído aéreo da fachada das actividades do grupo 1, como son os ximnasiaos, en horario de 07:01 a 23:00 debe ser  $\geq 35\text{dB}$

**En consecuencia, procede estimar a alegación presentada, e considerer como resposta correcta a opción d) 35dB**

O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra ([sede.pontevedra.gal](http://sede.pontevedra.gal)) o contido deste acordo.

#### **MODIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OBTIDA POLOS ASPIRANTES NO EXERCICIO TIPO TEST.-**

Como consecuencia da estimación da alegación relativa á pregunta nº 30 do primeiro exercicio tipo test, o Tribunal cualificador acordou a súa corrección, dando por correcta a resposta d) e non a c) corrixindo novamente os exercicios dos opositores con base á plantilla de solucións e publicar a nova relación de opositores que superaron o 1º exercicio da oposición, mantendo o resto de criterios e acordos adoptados polo Tribunal na sesión do día 15/02/2021, en particular, a puntuación (nota de corte) esixida para superar o exercicio que se corresponde con 46 respostas acertadas, unha vez descontada, de ser o caso, a penalización por respostas incorrectas e non contestadas. En consecuencia co anterior, as persoas aspirantes que superaron o primer exercicio tipo test obtiveron as seguintes cualificacións:

APELIDOS	NOME	NOTAS
LOPEZ FONTAN	SANTIAGO NARCISO	6,40
SOBRINO SUAREZ	CARLOS	6,00
MAGDALENA NOGUEIRA	JOSE	5,87
RODRIGUEZ FERRO	LUIS	5,33
MERA RICO	INES	4,93

**RECURSOS.-** Contra a resolución das reclamacións sinaladas, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira do servizo de persoal e cultura), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes das Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

No obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.



**PUBLICACIÓN DO RESULTADO.-** O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra ([sede.pontevedra.gal](http://sede.pontevedra.gal)) o anuncio das novas cualificacións obtidas polos aspirantes que superaron o primer exercicio tipo test e reiterar a convocatoria das persoas candidatas que o superaron para a realización do segundo exercicio, **PROBAS PSICOTÉCNICAS**, que terá lugar o día 25 de febreiro na sala de Obradoiros do Pazo da Cultura, às 10:00h. O chamamento realizarase pola planta baixa do Pazo da Cultura, sito na r/ Aelxandre Bóveda s/n.

A secretaria do Tribunal na data da sinatura electrónica.

